

## O SUBSTANTIVO

O substantivo ou nome é a palabra que designa **obxectos, seres ou ideas**.

Os substantivos clasifícanse en **abstractos, concretos, comúns e propios**:

- **Substantivos abstractos**. Nomean **ideas ou sentimentos**: ledicia, amor, cobiza, paz...
- **Substantivos concretos**. Designan **seres e obxectos que poden ser percibidos a través dos sentidos**: luva, diluvio, apupo, sapoconcho, canción...
- **Substantivos comúns**. Designan, de maneira individual, **un ser ou un obxecto dentro da súa especie**: alumna, sardiña, tractor...

Os substantivos comúns, á súa vez, poden clasificarse en **contables** (doce ovos, quince días, trinta moedas) e **incontables** (auga, leite, ruído, fame...).

Por outra banda, os nomes **contables** desagréganse en **individuais** (designan, en singular, un só obxecto ou ser): camelo, mexillón, peixeiro, doutora; e **colectivos** (designan, en singular, un conxunto de seres ou obxectos): cardume ⇒ conxunto de peixes / manda ⇒ conxunto de animais/ equipo ⇒ conxunto de persoas

- **Substantivos propios**. **Indican un ser ou un obxecto en particular**. Trátase dos nomes de persoa (antropónimos): Alexandra, David, Verónica, Uxío... e de lugar (topónimos): O Incio, A Gudiña, Vilalba, Marín, Galicia...

<b>Substantivo propio</b>	<b>Substantivo común</b>
Designa seres, lugares ou entidades únicos na súa especie: <i>María, Muxía, Xacobeo...</i>	Refírese a persoas, lugares, obxectos, entidades... que pertencen á mesma clase: <i>albanel, lagoa, vila, instituto...</i>
<b>Substantivo concreto</b>	<b>Substantivo abstracto</b>
Designa unha realidade material que pode ser percibida polos sentidos: <i>bicicleta, cervexa, relampo, Sil...</i>	Designa unha realidade inmaterial que non se pode percibir polos sentidos: <i>amor, ledicia, xenreira...</i>
<b>Substantivo contable</b>	<b>Substantivo non contable</b>
Representa unha realidade que se pode contar: <i>ameixa, croio, moeda...</i>	Correspóndese cunha realidade que non se pode contar: <i>area, rouquén, sal...</i>
<b>Substantivo individual</b>	<b>Substantivo colectivo</b>
Refírese, en singular, a un único ser: <i>abella, músico, peixe...</i>	Refírese, en plural, a varios seres da mesma clase: <i>enxame, orquestra, cardume...</i>

## Xénero e número do substantivo

O **xénero** indica se un substantivo é feminino (avogada) ou masculino (avogado).

Un substantivo é masculino cando pode ir acompañado dos artigos o, os (o sal, os labores). Por outra parte, un substantivo é feminino cando admite os artigos a, as (a calor, as análises).

Alguns substantivos que designan persoas ou animais varían a súa forma para indicar que son masculinos ou femininos. Isto denomínase flexión de xénero. Nestes casos existen dúas regras básicas:

1.- Cando o masculino remata en **vogal tónica (-ó) ou consoante precedida de vogal tónica (-r, -l, -z, -és, -ín), o feminino fórmase engadindo -a** tras esa terminación:

avó / avoa, doutor / doutora, xuíz / xuíza, cangués / canguesa, bailarín / bailarina

2.- Cando o masculino se forma engadíndolle ao lexema da palabra un **-e ou un -o átonos, o feminino farao engadíndolle -a ou -esa** ao mesmo lexema:

elefante / elefanta, alcalde / alcaldesa, mozo / moza

3.- Con **palabras diferentes** para cada xénero: boi/vaca, home/muller.

4.- Mediante o **artigo determinado**: o/a atleta, o/a garda.

A flexión de xénero é unha variación na «forma» da palabra segundo se queira expresar masculino ou feminino nos seres animados. É dicir, constrúese a partir dun lexema de base. Por tanto, o feminino non se forma a partir do masculino, senón coa introdución das terminacións precisas (morfemas de xénero) para expresalo.

Substantivos masculinos	Substantivos femininos
Os nomes das <b>letras</b> (o b, o que...), dos <b>números</b> (o un, o dous, o tres...), dos <b>ríos</b> (o Miño, o Eo) e dos <b>océanos e mares</b> (o Atlántico, o Pacífico, o Caspio...).	A maioría dos nomes das <b>árbores froiteiras e o seu froito</b> (a amendoeira – a améndoa, a pereira – a pera, a laranxeira – a laranxa...; mais a figueira – o figo, o castiñeiro – a castaña).
Polo xeral, os <b>substantivos rematados</b> en <b>-i</b> (o ovni, o taxi...; mais a bici), en <b>-me</b> (o costume, o legume, o cardume...; mais a fame, a síndrome...), en <b>-o</b> (o fogo, o anciño...; mais a dínamo, a foto, a tribo...), en <b>-ote</b> (o camarote, o dote...; mais a glote...) e a <b>maioría de estranxeirismos</b> (o club, o test, o sándwich..., mais a Internet, a Web).	Polo xeral, os <b>substantivos terminados</b> en <b>-a</b> (a auga, a reuma...; mais o sentinela, o aroma...), en <b>-axe</b> (agás traxe, paxe, garaxe e o/a personaxe), en <b>-ade</b> (a facultade, a liberdade...; mais o abade, o trade...), en <b>-se</b> (a crise, a dose, a tose...; mais o envase, o pase, o valse...) e en <b>-ite</b> (a apendicite, a elite...; mais o convite, o térmite...).
Alguns substantivos masculinos son confundidos con frecuencia, canto ao seu xénero, pola interferencia do español: o cume, o diadema, o labor, o leite, o legume, o masacre, o mel, o sal, o sangue...	Son femininos en galego substantivos como a árbore, a arte, a fraude, a orde, a ponte, a pube, a síndrome, a suor, a vertixe...

O **número** expresa un só ser ou obxecto (individual): can; ou varios (plural): cans.

O plural dos substantivos fórmase a partir do singular seguindo certas regras:

- 1.- Engadindo **-s**: martelo / martelos, rei / reis, complot / complots.
- 2.- Engadindo **-es**: sol / soles, lagar / lagares, fez / feces, bus / buses, dátil / dátiles.
- 3.- Engadindo **-is**: cantil / cantís, anzol / anzois.

Por outra parte, hai nomes que presentan unha **única forma** para singular e plural: **o/os venres**. Outros, posúen unha única forma, xa sexa en singular: **o caos, o oeste**; ou en plural: **os víveres, as tesoiras, as cóxegas**. Estes casos danse especialmente con substantivos non contables.

Un nome acaba en...	Forma o plural...	Exemplos
vogal, <b>-m</b> ou <b>-n</b>	engadindo <b>-s</b>	<i>monte-s, álbum-s, paixón-s</i>
<b>-r, -s, -z</b> (e monosílabos)	engadindo <b>-es</b>	<i>dor-es, reves-es, arroc-es</i>
<b>-al, -el-, ol, -ul</b>	tónico	substituíndo <b>-l</b> por <b>-is</b> <i>areal / areais, baúl / baúis</i>
	átono	engadindo <b>-es</b> <i>túnel / túneles</i>
<b>-il</b>	tónico	substituíndo <b>-il</b> por <b>-ís</b> <i>cantil / cantís, funil / funís</i>
	átono	engadindo <b>-es</b> <i>mísil / mísiles, dátil / dátiles</i>

## O ADXECTIVO

O **adxectivo** é unha **clase de palabra** que se refire a un **substantivo** para expresar as súas **calidades ou para delimitalo**. Sinalan **atributos ou calidades** dos substantivos aos que acompañan, polo que reciben o nome de **adxectivos cualificativos**.

O adxectivo cualificativo concorda en **xénero e número** co substantivo ao que acompaña, e pode aparecer diante ou detrás del.

Segundo a expresión do **xénero**, o adxectivo cualificativo pode clasificarse en:

- **Adxectivos con dúas terminacións**, unha para o **masculino** (un home listo) e outra para o **feminino** (unha muller lista). Estes adxectivos flexionan o seu xénero, en xeral, **segundo as mesmas regras que os substantivos**: bo/boa, galopín/galopina...
- **Adxectivos cunha soa terminación**, a mesma para ambos os xéneros: un argumento falaz e infantil, unha promesa falaz e infantil.

Por outra parte, tamén é preciso remarcar que os **adxectivos rematados en vogal tónica e todos os rematados en -e son invariables**, é dicir, presentan unha única forma para o masculino e o feminino: a elocuente política somalí / o elocuente político somalí

Terminación do masculino	Terminación do feminino	Exemplos
-o,	-a	<i>ledo/leda, morno/morna...</i>
-e	-e	<i>amable, breve, covarde...</i>
-án	-ana (pexorativo)	<i>ferrolán/ferrolá, louzán/louzá...</i>
-ón	-oa (xentilicios)	<i>beirón/beiroa, bretón/bretoa, teutón/teutoa...</i>
	-ona (pexorativo)	<i>berrón/berrona, chapón/chapona, moulón/moulona...</i>
-ún	-úa	<i>cabrún/cabrúa, vacún/vacúa... (mais euscaldún/euscalduna)</i>
-ano, --ino	-ana, -ina	<i>colombiano/colombiana, fonsagradino/fonsagradina...</i>
-és	-esa (xentilicios)	<i>carballés/carballeza, lugués/luguesa...</i>
	-és	<i>cortés</i>

Por outra parte, os adxectivos presentan tamén flexión de **número**, que se constrúe igual que nos **substantivos**: bos/boas, galopíns/galopinas, falaces, infantís.

Ademais, os adxectivos cualificativos poden expresar tamén o **grao** con que o substantivo posúe unha calidade.

- **Grao positivo.** O adxectivo indica a calidade do substantivo **sen aumentala nin diminuíla**: un home colorado.
- **Grao comparativo.** O adxectivo expresa a calidade do substantivo **comparándoa coa doutro** ser ou cousa: un home tan rápido como un lince. Pode ser de **tres tipos**:

<b>Igualdade</b>	<p><b>tan + adxectivo + como / coma:</b> <i>tan lista como dixeron.</i></p> <p><b>igual (de) + adxectivo + que / ca / do que:</b> <i>igual de sabia ca ti.</i></p>
<b>Superioridade</b>	<p><b>máis + adxectivo + que / ca / do que:</b></p> <p><i>máis alta que unha faia.</i></p>
<b>Inferioridade</b>	<p><b>menos + adxectivo + que / ca / do que:</b></p> <p><i>menos falador ca ela.</i></p>

## A formación da estrutura comparativa

Á hora de establecer comparacións, cómpre ter en conta certas regras:

A comparativa de **igualdade** pode presentar dúas estruturas:

- **tan/tanto + adxectivo + como/coma + segundo termo da comparación.** Son tan amigas como parece.
- **igual (de) + adxectivo + que/ca/do que + segundo termo da comparación.** Estamos igual de felices ca eles.

<b>coma</b>	emprégase diante de pronome persoal tónico ( <i>tan listo <b>coma</b> ela</i> ).
<b>como</b>	emprégase diante dunha forma verbal ( <i>tan desastroso <b>como</b> dicían</i> ).

As comparativas de **superioridade e inferioridade** presentan este esquema:

- **máis/menos + adxectivo + que/ca/do que + segundo termo da comparación.** Sonche máis testáns que unha mula!. Foron menos duras do que esperabamos.

<b>ca</b>	utilízase diante de pronome persoal tónico ( <i>máis fortes <b>ca</b> nós</i> ).
<b>do que</b>	úsase diante dunha forma verbal ( <i>menos severo <b>do que</b> contan</i> ).

- **Grao superlativo.** O cal designa o **máis alto grao da calidade** designada polo adxectivo, poden distinguirse dous tipos:

- **Superlativo absoluto ou relativo**, que atribúe a calidade no **grao máis alto sen establecer comparacións**. Existe un superlativo absoluto sintético, formado a través de afixos derivativos. De entre todos eles, destaca o sufixo apreciativo intensificador **-ísimo/-ísima** (pequenísimo, pequenísima). Outros afixos que forman o superlativo absoluto son **-érrimo/-érrima**, de carácter culto (celebérrimo, celebérrima; paupérrimo, paupérrima); **hiper-, super- ou arqui-**, de carácter máis coloquial (hiperestresada, arquimillonaria). Tamén a acumulación de sufixos xera adxectivo en grao superlativo (pequerrechiño, pequerrechiña). **O superlativo absoluto analítico** fórmase mediante a estrutura **adxectivo + adxectivo en grao positivo**: moi grande, ben grande, extraordinariamente grande...

- **Superlativo relativo**, co que se lle atribúe a un substantivo unha **calidade no grao máis alto a respecto dun conxunto con que se compara**. A estrutura de formación desta clase de superlativo é: **o/a máis + adxectivo en grao positivo + entre/de + termo comparado**: o máis intelixente da familia.

Existen **formas sintéticas** en certos adxectivos para os graos comparativo (de superioridade) e superlativo. Son estas:

Grao positivo	Grao comparativo (de superioridade)	Grao superlativo
bo, boa	mellor	óptimo, óptima
malo, mala	peor	pésimo, pésima
grande	maior	máximo, máxima
pequeno, pequena	menor	mínimo, mínima
alto, alta	superior	supremo, suprema
baixo, baixa	inferior	ínfimo, ínfima

Os adxectivos cualificativos poden clasificarse en **dous grupos**, de acordo coa **natureza** das calidades descritas:

Algúns adxectivos asígnanlles aos substantivos **calidades obxectivas**, que non dependen da opinión do emisor: un instrumento metálico, o módulo lunar, un pelo crecho.

Outros expresan **características subxectivas**, suxeitas ás valoracións ou interpretacións do emisor: unha fermosa paisaxe, aquelas pinturas intrigantes, o dócil can de Xacobe.

Con respecto á colocación do adxectivo, aínda que para cada caso poida existir unha explicación propia, podemos afirmar que a presenza do adxectivo antes do substantivo se corresponde cunha valoración subxectiva por parte do falante, mentres que a colocación detrás do substantivo procura expresar calidades obxectivas neste.

Á parte destes grupos de adxectivos, podemos distinguir outros que tamén presentan características singulares:

**Os epítetos** son adxectivos que expresan unha **calidade intrínseca ao substantivo**, é dicir, que este **posúe de maneira natural**: a branca neve, o frío xeo.

**Os xentilicios** son adxectivos que designan o **lugar de orixe ou procedencia** das persoas ou das cousas: o navío galego, o cómico cubano, o xornal xermano, a atleta canguesa.

Segundo a calidade designada polo adxectivo respecto do substantivo		
Adxectivo especificativo	Adxectivo explicativo ou epíteto	
Indica unha calidade de entre todas as que poderían serlle atribuídas ao substantivo: <i>sabor amargo</i> (ou <i>ácido, doce e salgado</i> ).	Indica unha calidade naturalmente presente ou inherente ao substantivo designado: <i>neve branca, noite escura, ferro duro, montaña alta</i> .	
Segundo a calidade propia do adxectivo		
Adxectivo cualificativo	Adxectivo relacional	Adxectivo xentílico ou xentilicio
Designa unha <b>calidade</b> dos seres a que fai referencia: can <b>veloz</b> .	Reflicten unha <b>ligazón co substantivo</b> de que derivan. Nunca aparecen en posición pre-nominal: <b>maternal</b> < nai.	Expresa a <b>procedencia xeográfica</b> ou a nacionalidade: galego < Galicia. < nai.